

Diálogos pola Paz. Décima táboa.

Actividades do Seminario Galego de Educación

Enviado por : S.G.E.P.

Publicado o : 23/06/07 12:06:00

REMATOU O CICLO "DIÁLOGOS POLA PAZ";



Na imaxe: Viçens Fisas, Juan José Tamayo, Manuel Dios e Xan López Facal

Os "**Diálogos pola Paz**", a serie de táboas redondas organizadas polo *Seminario Galego de Educación para a Paz* en colaboración coa *Fundación Caixa Galicia* e a *Universidade de Santiago*, chegaron ó seu fin. O ciclo de conferencias pechouse coa participación de **Juan José Tamayo**, teólogo e Director da Cátedra Ignacio Ellecuría da Universidade Carlos III de Madrid; **Viçens Fisas**, Director da Cátedra de Paz da Universidade de Barcelona e **Xan López Facal**, economista e ex-deputado. Todos eles deron a súa opinión sobre as causas e posibles solucións ó fracaso do "proceso de paz" en Euskadi, dende o punto de vista da teoría da "resolución de conflitos", así como da aprendizaxe histórica e práctica.

Dende o seu inicio en Novembro de 2006, o Ciclo "Diálogos pola Paz" reuniu en Compostela e A Coruña a persoeiros dos máis variados ámbitos, para tratar o tema da violencia terrorista dun xeito amplo e plural, co fin de dar unha visión global e próxima da situación actual en Euskadi. Federico Mayor Zaragoza, Carlos Garaikoetxea, Anxo Quintana, Eduardo Madina ou Johan Galtung, foron só algúns dos participantes nestas conferencias quen aportaron os seus coñecementos e a súa experiencia, ademais de avogar, en tódolos casos, por una solución pacífica e dialogada ó terrorismo vasco.